

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 18 de NOVIEMBRE de 2016**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o venres, 18 de novembro de 2016, ás ONCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

1.-Aprobación do Orzamento xeral para o exercicio económico 2017 e as súas bases de execución.

2.-Aprobación da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e do organigrama para 2017.

3.-Dar conta da aprobación inicial do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2017 e o do seu estado de consolidación co Orzamento provincial.

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 18 DE NOVEMBRO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 18 de novembro de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> ROCÍO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D <sup>a</sup> ROSA M <sup>a</sup> GALLEGRO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D <sup>a</sup> . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D <sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Non asiste a Sra. Delso Carreira.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás once horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

## **1.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2017 E AS SÚAS BASES DE EXECUCIÓN.**

### INTERVENCÍONS

#### Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, alcaldes, alcaldesas que nos acompañan hoxe, traballadores desta administración e a todo o público asistente, bo día a todos.

Quero dicirlles que no día de hoxe veño presentar ante vostedes e ante todos os concellos e entidades da provincia o proxecto de orzamentos para o vindeiro exercicio 2017, é por iso que constitúe para min unha gran responsabilidade por diversas razóns, tanto persoais como institucionais e por suposto, tamén, emotivas. Considero por tanto necesario esbozar unhas ideas xerais sobre as políticas e iniciativas que se pretenden reflectir neste documento e que tenden a sumar e dotar aos concellos e á provincia dunha mellora nas condicións de vida dos cidadáns.

A Deputación provincial como administración pública de carácter territorial debe poñer a súa primeira e máis importante atención para que ese nivel municipal, o conxunto da veciñanza, se poida sentir ben atendida no tocante a infraestruturas e prestacións de servizos básicos de competencia local. Somos sabedores e conscientes desde o primeiro día do noso mandato que esa é a nosa primeira responsabilidade.

A elaboración deste orzamento provincial 2017 adecúase, por tanto, aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sostibilidade financeira establecida no período 2016-2018 e, polo tanto, adecúase tamén ás normas europeas

e estatais sobre estabilidade orzamentaria. Neste apartado quero significar que a actuación da Deputación da Coruña sempre respectou as normas de xestión orzamentaria e evidencia hoxe, grazas a iso, unha saúde económica e financeira que nos permite abordar o presente e o futuro con garantías. Quero indicar que considero necesaria a adecuación da normativa de estabilidade orzamentaria e as condicións obxectivas de cada entidade. Comparto, por tanto, que non é posible gastar o que non se ten, e que o endebedamento ten efectos para xeracións futuras que é preciso evitar, pero tamén considero inadecuado non destinar os recursos dispoñibles aos servizos e investimentos que resultan indispensables para o benestar económico e social de todos os cidadáns.

Continúase neste momento a manifestar os efectos dunha crise económica iniciada no exercicio 2008, unha crise que é xeral, intensa, duradeira e excepcional. A crise económica proxéctase sobre todos os axentes económicos e sociais, e implica unha redución significativa de recursos dispoñibles. Os cidadáns no seu conxunto vén drasticamente afectadas as súas posibilidades de emprego, de consumo e de aforro, e as administracións públicas dispoñen de menos ingresos vinculados á renda, ao emprego e á actividade económica, e temos que atender os crecentes gastos que xeran os servizos públicos. A xestión económica pública neste longo período segue certamente limitada por un balance fiscal deficitario e polo crecemento da débeda pública, que ten marcado o máis alto nivel da nosa historia, superando incluso o cen por cento do produto interior bruto, aínda que as administracións locais no seu conxunto apártanse desta tendencia e xa pecharon o derradeiro exercicio con superávit, unha nota que se vén producir nos últimos anos e que pon de manifesto a responsabilidade coa que xestionan as economías os gobernos locais.

Quero significar, por tanto, que para a elaboración e a nosa planificación neste exercicio non temos aprobada tamén a Lei de presupostos xerais do Estado para o ano 2017, por certo, cunha presión por parte da Unión Europea, que se calcula entre os 7.700 millóns de euros para cumprir co obxectivo de déficit nominal e ata os 5.500 millóns de euros en termos de esforzo estrutural, é dicir, preséntanos un panorama posiblemente con máis recortes, ou unha revisión á alza do IBI reducido.

Un documento esta lei, con datos esenciais para orientar as decisións das restantes administracións públicas e para aclarar as posibles incertezas relevantes para todos os axentes económicos e sociais. Constitúe, por tanto, unha prioridade ditada polo contexto estatal e internacional, cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria asignado ás distintas administracións públicas. Sres. e Sras. deputados, é, por tanto, bo recordar que a previsión dos ingresos e dos gastos máis relevantes deste proxecto de orzamentos vén determinados pola base de previsións estatais. Na relación dos ingresos segue pesando como unha lousa a obriga de devolver o resultado das liquidacións pola participación nos ingresos dos exercicios 2008 e 2009, a pesar de ampliar o período da súa devolución, en concreto no exercicio 2017 esta Deputación vén de amortizar a contía de 2.122.169,59 euros. A Deputación da Coruña, polo tanto, todos nós, podemos comprobar da existencia dunha idónea situación de tesourería, e duns recursos dispoñibles para novos gastos.

É, por tanto, que na Deputación da Coruña non temos endebedamento financeiro e dispoñemos dunha capacidade de financiamento que resulta curiosamente artificial, limitada polos obxectivos de estabilidade e a denominada

regra de gasto, o que constitúe, sen dúbida, un efecto non desexado pola normativa vixente, que deberá de ser corrixida polo lexislador estatal se non queremos manter un superávit presupostario improdutivo.

O equipo de Goberno da Deputación Provincial da Coruña somos conscientes da importancia do orzamento como instrumento para a correcta xestión dos servizos provinciais e para a actuación dos concellos da provincia, nun período realmente e certamente dificultoso. Por iso entendemos que é unha decisión estratéxica e responsable abordar a elaboración deste importante documento para que entre en vigor no mes de xaneiro de 2017. Para abordar con rigor esta situación orzamentaria hai que adaptarse ás circunstancias variables dunha realidade cambiante e acelerada. Neste contexto, a xestión económica está orientada a contribuír á prestación dos servizos municipais aos cidadáns nas mellores condicións, a priorizar o seu mantemento, que teña maior relevancia no benestar económico e social da cidadanía e respectando ao máximo a autonomía provincial. No tocante ao gasto destinado a financiar obras e servizos municipais este Goberno parte dunha premisa fundamental, a autonomía municipal. Por tal razón mantéñense as distintas opcións existentes para que cada Concello elixa dedicar os recursos asignados ao gasto corrente, á amortización anticipada de débeda ou investimento.

Continuamos e continuaremos coa execución de programas iniciados que consideramos de máximo interese público, o Plan integrado de seguridade viaria nas vías provinciais, a través de sendas peonís e travesías, o Plan de conservación de investimentos en estradas provinciais, e xa no apartado concreto de subvencións, a entidades sen fins de lucro, xuntamente cos programas tradicionais para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica, en todos os sectores produtivos.

Consideramos prioritarias as políticas sociais, o fomento de accións tendentes a favorecer a igualdade efectiva da muller, a loita contra a violencia de xénero e o fomento dun dos maiores valores que temos nesta terra, a lingua galega. Durante o ano faremos incorporacións de crédito con novas economías, o cal consideramos prioritarias para a calidade dos servizos. O POS+ 2017, vanme permitir que lle chame así, quere introducir importantes cambios e novidades en relación cos distintos plans dos anos anteriores, coa intención de acadar varias finalidades, reducir o número de plans destinados a colaborar cos concellos integrando neste POS+ 2017, xunto co tradicional POS, tantos outros. Plans especiais financiados con cargo a superávit como o plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda ou realizar investimentos financeiramente sostibles que ata agora daban lugar a novos plans. Racionalizar e obxectivizar a colaboración desta Deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que ata agora estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprimense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial deste plan, que deste xeito se ve incrementada, o que ademais simplifica as tarefas administrativas dos concellos na realización de trámites e, por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando criterios obxectivos e transparentes que xa tradicionalmente se viñan empregando no POS. As liñas de subvención desta Deputación que se suprimirán no exercicio 2017 son as que deseguido se indican, polo que é importante salientar para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus

orxamentos unha cantidade que ata o de agora financiaba a Deputación con subvencións finalistas.

Facer un Plan dinámico que poida ver incrementada a súa dotación orxamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos de achega provincial, se os houbera. Dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade mediante a ampliación e a flexibilidade do seu obxectivo, que pasa a ser múltiple, segundo se indica nesta base. Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento que os concellos teñan cos seus provedores cando o período de pagamento das súas facturas exceda máis alá dos dous meses, que é o período de pagamento establecido no Real decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, que tamén está publicado no BOE número 184 do 30 de xullo de 2014, e que repercutirá positivamente no tecido empresarial que deste xeito poderá cobrar as súas facturas pendentes de pagamento cos concellos.

Contribuír, tamén, de forma efectiva á redución de endebedamento dos concellos coas entidades financeiras, mediante a concesión de préstamos sen xuros cun prazo de carencia de dous anos. Con tal afán, e mantendo a continuidade na política de austeridade e contención do gasto corrente, enumeramos algúns dos fundamentos dos que se partiu para a cuantificación destes capítulos de gasto e ingresos do orzamento. Non haberá operacións de débeda no exercicio 2017, no tocante á estimación de ingresos cómpre destacar unha evolución positiva na participación dos ingresos do Estado, tamén está previsto o alleamento de dúas parcelas por importe de 134.400 euros que poñen a Deputación da Coruña e atópase grazas a estas medidas nunha situación financeira saudable ao non precisar de apelación ao crédito para o seu financiamento.

Para a confección deste proxecto orxamentario pártese dunha estimación moi realista e aplicando referencias de estabilización autonómica. Se os ingresos acreditados a 31 de agosto de 2017 pola participación nos tributos do Estado permitisen estimar fundamentalmente unha maior recadación durante o exercicio incrementaranse as dotacións destinadas aos concellos no importe correspondente, sempre que os restantes conceptos de ingresos se vaian realizando con normalidade. Se os devanditos ingresos foran inferiores aos estimados, terán que realizarse os axustes correspondentes nas partidas de gasto reducibles, sen perturbación dos servizos esenciais. Se a liquidación do orzamento de 2016 presenta un incremento de remanente de tesourería dispoñible para novos gastos destinarase o seu importe prioritariamente a cumprir co obxectivo de estabilidade orxamentaria e a marxe dispoñible restante destinarase a incrementar o novo plan provincial dirixido aos concellos da provincia.

As economías de adxudicación obtidas nos plans provinciais poderanse reinvestir no Concello correspondente e na súa totalidade. O 75% do importe do fondo de continxencia que non sexa utilizado a 1 de outubro de 2017 destinarase a novos servizos e gastos de investimento sempre que as condicións de estabilidade orxamentaria así o permitan. Os gastos de investimento financiados co ingreso finalista da venda de parcelas quedan condicionados a que, efectivamente, se materialicen as ditas operacións. Os plans provinciais que se dotan inicialmente

financiaranse integramente con recursos propios e poderá aprobarse tan axiña como se dispoña da documentación municipal necesaria, segundo esta dotación inicial o Servizo de Xestión de Plans disporá dun crédito inicial de 54.000.000 de euros. Todo isto nas condicións que determine, por suposto, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira cuxa modificación para adecuala ás actuacións de non endebedamento e non déficit é imprescindible. Desde logo que segue a ser unha prioridade deste Goberno o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de xeito que non se gastará máis do que nos permiten os nosos recursos dispoñibles.

A Deputación da Coruña non vai contribuír ao déficit nin ao endebedamento. Polo que respecto ao gasto de persoal no capítulo I, recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos adquiridos e acordos cos representantes do persoal funcionario e laboral e as que resulten de novas necesidades organizativas e operativas. Un obxectivo compartido de mellora na eficiencia e calidade dos servizos públicos provinciais. Debo significar neste apartado, non obstante, que non somos conformistas, que temos un persoal altamente cualificado e que temos que recoñecer a súa valía, eficiencia e servizo a prol dos concellos, que temos unha responsabilidade para con eles e poñerémonos cos mecanismos para recoñecerlles a súa categoría que se merecen, mediante a valoración de postos de traballo, e tamén comentar que xa recuperamos e puxemos en orzamentos a recuperación doutros dereitos como son os plans de pensións, seguros de vida e outros mecanismos que xa están en marcha.

Como vén sendo habitual neste proxecto incorpóranse para o exercicio 2017 os créditos necesarios para o financiamento de servizos públicos esenciais, como é o caso da transferencia a prol de Consorcio para a Extinción de Incendios e Protección Civil, entidade na que a Deputación está asociada á Xunta de Galicia financiando cada administración o 50% do seu gasto. Mantéñense os créditos necesarios para seguir prestando, do mellor xeito posible, a asistencia xurídica, económica e técnica aos nosos concellos, así como darlles unha cobertura suficiente na plataforma informática de xestión electrónica, e subministración e implementación das novas funcionalidades na aplicación informática contable. Ampliarase a plataforma informática de xestión electrónica implantándose novas funcionalidades de aplicación informático contable e de xestión de nóminas dos concellos. Desenvolveremos tamén a tramitación telemática de expedientes e, en definitiva, modernizar, e modernizar significativamente os recursos informáticos municipais, provinciais e das fundacións, asociacións e entidades. A mellora progresiva da información integral da xestión municipal do Boletín Oficial da Provincia, da contratación electrónica e da Oficina Virtual Tributaria. Isto, vanme permitir, chámase modernidade ao servizo dos concellos e faise na provincia da Coruña.

Tamén actualizaremos a aplicación de contabilidade que se lle subministra de balde ás entidades sen fin de lucro de toda a provincia, para que poidan cumprir axeitadamente coas súas obrigas contables, isto chámase eficiencia. Adoptamos o acordo de manter as tarifas de taxas e prezos públicos provinciais, o que supón manter a capacidade de financiamento actual dos servizos provinciais, que é moi inferior ao seu custo real e efectivo, por razóns de carácter cultural, educativo ou social no seu contido. Incrementamos a porcentaxe para determinar a entrega a conta dos concellos que nos encomendan a recadación dos seus tributos, ampliando o



período temporal da súa encomenda para pasar do 90 ao 95% futuro na recadación previsible dos tributos, cuxa xestión e recadación delegaron na Deputación. Desta forma os concellos usuarios dos servizos de xestión, inspección e recadación tributaria provincial dispoñen mensualmente dun anticipo a conta da recadación dos seus tributos, o que é o mesmo, dispoñerán dunha operación de tesourería sen custo financeiro ningún. Por certo, no mes de outubro os concellos puideron recibir a contía anticipada de outubro e de novembro.

Mantense a ampliación no ámbito da xestión provincial para permitir a instrución e recadación das sancións municipais en materia de tráfico como un servizo máis aos concellos da provincia, que delegaron este cometido para aproveitar as vantaxes operativas que comportan o servizo de ámbito provincial para esta finalidade. Dedicamos novos recursos á revisión e actualización de valores catastrais naqueles termos municipais nos que transcorreu máis tempo desde a última actuación. Mantense como un problema máis, e urxente, unha taxa elevada de desemprego inaceptable para un país desenvolvido que afecta moi especialmente á nosa mocidade. A Deputación, dentro das limitadas competencias e posibilidades, no ámbito da promoción do emprego temos que esforzarnos e achegar medidas cun compromiso especial na dotación de seis millóns de euros que se incrementará con novas partidas, como xa se fixo no ano 2016, para a continuación dar unha xestión eficaz a este Plan de emprego provincial, que vai procurar ser máis efectivo cada ano.

Fago desde aquí un chamamento responsable á colaboración e a achega da Xunta de Galicia e a participación activa de todos os concellos. Non quero pasar sen manifestar a extraordinaria contención de gasto corrente que limitan a súa dotación aos mínimos legais e operativos imprescindibles. Señoritas e señores deputados, non se contempla ningún ingreso pola participación nos tributos da Comunidade Autónoma, en efecto, como é sabido, a actual regulamentación do Fondo Galego de Cooperación Local non contempla as deputacións provinciais entre os seus destinatarios. É a miña obriga institucional manifestar que se está incumprindo, na miña percepción, o mandato contido no artigo 142 da Constitución Española, xa que cando establece que “as entidades locais participarán nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas”, refírese a todas as entidades locais, enumeradas nos artigos anteriores, xa o di o propio texto, é dicir, os concellos e as provincias.

Como xa é sabido, o obxectivo de estabilidade presupostaria concrétase no exercicio 2017 para as entidades locais en presentar unha situación de equilibrio nas operacións non financeiras, pois ben, a Deputación da Coruña presenta no proxecto de orzamento 2017 un superávit das operacións non financeiras de 21.386.329,43 euros. O citado superávit de operacións non financeiras destinarase parcialmente a financiar o Plan de actuacións e de investimentos, o PAI, e contará cunha dotación inicial de aproximadamente vinte millóns de euros. O límite de gasto non financeiro que permite cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto sitúase en 154.434.229 euros. Con cargo a este límite efectúanse as dotacións necesarias para atender os obxectivos descritos e dótase de acordo coa normativa de estabilidade orzamentaria, o fondo de continxencia para atender as necesidades urxentes e inaprazables e de carácter non excepcional. O seu importe inicial ascende a 3.483.000 euros, é dicir, o 2% do total das previsións de gastos.

Señoras e señores deputados, como poden comprobar, procuramos manter o mesmo e sen incrementar o gasto, o gasto destinado aos concellos e entidades sen fin de lucro, pola contra, tratamos de ser austeros co propio gasto corrente desta administración, tratando de entender a máxima eficiencia posible. Pola súa banda, hai que dicir que as bases de execución dos orzamentos manteñen unha estrutura moi similar ás do exercicio corrente anteriores, introducíronse algunhas modificacións para adaptalas ás novidades normativas e outras para unha mellor xestión. En síntese, a través destas regúlanse as seguintes materias, previsións de estimación de ingresos e gastos que se adecuarán ás que resulten finalmente da aplicación da Lei de presupostos xerais do Estado para o exercicio 2017, normas para adaptar a xestión de subvencións dirixidas a entidades públicas e privadas ás circunstancias económicas e financeiras do exercicio 2017, mellorar a súa xestión e implementar a xestión electrónica. Engádese un novo apartado, título VI, dedicado ao orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña para dar cumprimento co establecido no artigo 124 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico e sector público.

Aproveito para trasladarlles algunhas propostas en materia de réxime local que me gustaría compartir e reflexionar con vostedes. Paréceme necesario e urgente adoptar un consenso político para actualizar e clarificar as competencias locais e para definir o seu financiamento adecuado tanto no ámbito estatal como no marco normativo autonómico. Comparto os obxectivos de racionalización e simplificación da administración local para reducir o seu custo operativo e para mellorar a eficiencia na prestación dos trascendentes servizos públicos que nos encomendan. Considero imprescindible o consenso suficiente para a adecuación da normativa estatal e tamén para a adecuación da normativa autonómica no que atinxe a competencias e servizos encomendados a concellos e a deputacións e no que se refire a financiamento atribuído polo Fondo Galego de Cooperación Local. Teño a seguridade que se fai necesario formular a acción de fomento as liñas de servizo das distintas administracións públicas para optimizar resultados operativos. Por iso, queremos invitar tamén á Xunta a programar cos concellos da provincia as liñas de subvencións que se han outorgar e os investimentos que se vaian realizar mediante un plan estratéxico provincial de subvencións con criterios obxectivos para todos.

Temos que crear as canles institucionais que permitan a planificación conxunta e a programación coordinada das actividades e investimentos necesarios en Galicia para impulsar o desenvolvemento económico e social que tanto desexamos todos. O período de programación dos fondos europeos constitúe unha oportunidade estratéxica e desde a Deputación queremos e podemos participar na definición e execución de proxectos locais con financiamento europeo que se xestionan desde a Comunidade Autónoma, isto é unha cuestión de vontade e nós desde a Deputación témola.

Deixar patente a miña convición de que o Fondo Galego de Cooperación Local debería recoller unha asignación específica dirixida ás deputacións provinciais para dar así cumprimento ao establecido no artigo 142 da Constitución Española para garantir a axeitada prestación de servizos provinciais e supramunicipais esenciais, cuxa competencia é atribuída ás deputacións na normativa autonómica local ou sectorial, estou falando da extinción de incendios, servizos sociais ou outros servizos supramunicipais. Non cansarei de insistir na necesidade de abordar o financiamento

das entidades locais desde o Estado e, por suposto, desde a Comunidade Autónoma, á vista do marco normativo de aplicación. Así mesmo resulta urxente adoptar as normas de estabilidade orzamentaria para permitir que as entidades locais financeiramente solventes poidan destinar os seus recursos efectivamente dispoñibles e así poder realizar gastos necesarios e dispoñer do seu ámbito competencial. Non debería manterse por máis tempo as limitacións actuais que reducen artificialmente as posibilidades de prestar servizos en condicións máis idóneas cando se constate que hai recursos dispoñibles. Paréceme relevante na práctica establecer as condicións para que os procedementos de expropiacións, de obtención de licenzas e de utilizacións preceptivas, estou falando de Augas de Galicia, Portos, Costas, Patrimonio Cultural, Medio Ambiente, etc., se tramiten de modo que se eviten demoras na execución dos proxectos. Seguramente os obxectivos indicados poderían abordarse adecuadamente a través dun novo ao adecuar e cumprir o pacto local que actualice a relación de competencias e que concrete as condicións óptimas de prestación e de financiamento dos servizos públicos locais desde o acordo amplo e o consenso de todas as opcións políticas. Ben podo asegurar, por tanto, que este orzamento que se presenta ante vostedes é un compromiso coa nosa provincia e cos nosos veciños, rigoroso no aspecto formal con pleno respecto das normas xurídicas de aplicación, municipalista, xa que se pretende cubrir as necesidades dos nosos concellos con pleno respecto á autonomía local, sensible en temas sociais, culturais e cun decidido apoio á nosa lingua, austero en todo o referido ao gasto corrente da propia administración e prioritariamente dedicado ao fomento do emprego na nosa provincia.

En definitiva, compañeiros e compañeiras, os tempos actuais requiren unha nova forma de gobernar, uns novos criterios tamén de administrar. Desde a Deputación da Coruña asumimos modesta e decididamente o reto dos novos tempos, desde o rigor, e desde a austeridade, ofrecendo toda a capacidade de xenerosa negociación e diálogo. Son sabedores todos vostedes que para min o diálogo é importante, é fundamental e imprescindible, aí sempre me atoparán, as vinte e catro horas do día, diálogo que faga posible un mellor servizo e interese xeral para o presente e para o futuro.

Non quero rematar sen dar as grazas dun xeito moi especial aos traballadores desta casa, que fixeron moito máis doado e máis sinxelo a elaboración deste orzamento nun momento e nunhas condicións complicadas e particulares polo que mencionaba anteriormente, dun xeito especial aos departamentos de Intervención e Presupostos, un luxo poder contar con eles, para min é un pracer traballar con eles porque sodes os verdadeiros protagonistas deste orzamento. Por todas estas razóns expostas, espero o apoio dos membros da Corporación provincial a través, repito, unha vez máis, do diálogo, da negociación e do espírito de consenso, que a todos nos ten que orientar, co obxectivo de conseguir un maior benestar económica e social posible para os cidadáns. Moita grazas.

(Sae o Sr. Calvelo Martínez).

Sr. García Seoane

Bos días. Manifestar o total acordo de Alternativa dos Veciños coa necesidade de aprobación destes orzamentos porque eles van permitir o desenvolvemento das

políticas municipais, de servizos, temas sociais, en equipamentos. Hai concellos que se lles faltan estas axudas da Deputación non terían vida, de feito un viaxando por concellos de Galicia e da provincia en concreto, manifestan moitas veces alcaldes e concelleiros e din, “non temos outra entrada para facer obras se non son este tipo de políticas provinciais ou os plans que agora se van fundir nun só plan na Deputación, e que vai dar aos concellos unha visión do que poden facer ao longo do ano sen estar pendentes de se lles vai chegar a comunicación, se se lle vai aceptar ou non, se van entrar nun plan, qué cantidade van levar no plan. Por tanto, creo que se está dando un paso de xigantes e entendo que estes orzamentos, xa digo, se deben de aprobar, espero e desexo que se aproben e aqueles que non queiran aprobalos ou que vexan inconvenientes nalgunhas das partes do orzamento eu o que lles recomendo é que se absteñan, que se absteñan para permitir, xa digo, que un orzamento da importancia desta poida servir aos cidadáns de Galicia a través dos seus concellos e non como acontece en moitas localidades en Galicia, onde os veciños veñen sufrindo as políticas miserentas dun e doutro bando, depende quen governe e quen non, onde se impide a aprobación de orzamentos e, polo tanto, o desenvolvemento da vida da cidadanía e o progreso da cidadanía e o traballo, porque se hai obras, se hai equipamentos, hai traballo, e se se bloquean os orzamentos non hai nin obras, nin hai traballo, nin hai melloras sociais para os veciños. Polo tanto, a nosa aprobación desde Alternativa dos Veciños, ese é o meu compromiso.

Voume ter que ausentar, Sr. Presidente, cinco minutos, porque eu teño un programa de radio fixo todas as semanas en directo, porque se non digo en directo non me din o que quero dicir eu, entón teño un programa e voume ausentar, se mo permite, despois desta intervención, cinco minutos, para vir a votar. Moitas grazas.

#### Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente. Bo día compañeiros e compañeiras. Hoxe estamos neste salón de Plenos para debater os orzamentos da Deputación provincial para 2017, os segundos deste Goberno do Partido Socialista e do BNG. Porén, para entender as cifras macroeconómicas deste documento quizais temos que facer unha primeira reflexión que nos leva lonxe de aquí, o incremento nas previsións de ingresos e gastos é de tan só un 0,52%, alcanzando os 176 millóns de euros. Atopámonos pois ante un escenario que podemos definir como continuista nas grandes cifras, aínda que como comentarei despois hai cambios importantes na distribución das partidas entre departamentos. Certo que unha das razóns fundamentais desta mínima variación é a situación política do Estado, que motiva que non se teña aprobado aínda o orzamento xeral e, polo tanto, non se coñezan as transferencias ás administracións locais, isto obriga a facer unha estimación en base aos ingresos deste exercicio e, polo tanto, dun xeito que consideramos moi conveniente evitar excesivas previsións á alza, como dicía Ignacio de Loyola, en tempos de tribulación, non facer mudanza. Pero non todo son malas novas, tamén en relación co Goberno central e a política orzamentaria recentemente esta Deputación e a Administración local de todo o país, tivemos coñecemento dunha boa nova, a Secretaría Xeral de Cooperación Autonómica e Local emendou o seu erro e estimou a reclamación de deputacións e concellos respecto da liquidación da participación nos tributos do Estado de 2014, isto suporá un ingreso extra de máis de 900.000 euros ás arcas da institución, alegrámonos, polo tanto, desa rectificación, non só polo resultado económico, senón porque era de xustiza.

O proxecto de orzamentos, desde o noso punto de vista, desde o punto de vista de Compostela Aberta, está equilibrado, mantén o endebedamento nulo, cumpre coa normativa vixente en relación ao teito de gasto e demais estipulacións ao respecto das facendas locais, pero un orzamento é, sobre todo, un instrumento político, e debemos mirar máis alá das formalidades, debemos mergullármonos no seu contido para comprender as intencións e a finalidade do Goberno que nos fai esta proposta.

Se ben non hai grandes cambios nas contías globais do orzamento, si os hai na súa distribución entre partidas e departamentos, o cambio máis relevante é o incremento de case nove millóns de euros na xestión de plans, que se dotan de 54 millóns de euros, a cambio prodúcese a minoración de partidas en varios departamentos, principalmente nas destinadas a subvencións a concellos en réxime de concorrencia competitiva que serán distribuídas a través do Plan único, xa anunciado e presentado. Trátase, ao noso parecer, dun gran cambio no xeito de reparto dos fondos provinciais, que como afirman as propias bases, pretende afondar na autonomía dos concellos para decidir os investimentos a priorizar, as actuacións que se han executar e os gastos aos que se destina a achega provincial. Como xa fomos informados, o executivo pretende reducir as convocatorias de subvencións aos concellos, unificando nun único instrumento o Plan de obras e servizos, o préstamo provincial, o Plan financiado con remanentes do exercicio anterior, e algunhas liñas de subvencións. Teremos ocasión de debater longamente sobre esta na vindeira semana, pero queremos acordar que concordamos con algúns dos principios básicos que o motivan, con algunhas salvidades e matices, como se poden imaxinar.

(Sae o Sr. García Seoane)

A nivel orzamentario este plan dótese con 74 millóns de euros, unha cantidade inferior á suma do POS, o PAS e o PAI deste exercicio 2016. As propias bases do Plan único contemplan a posibilidade de incrementar os créditos, e cremos que isto non só é conveniente senón que debe ser obxecto dun compromiso político por parte de todas as forzas da Corporación. Para garantir a autonomía dos concellos é importante asegurarlles un financiamento xusto, que lles permita realizar as súas actividades, cumprir coas súas obrigas e ofrecer aos seus cidadáns os servizos básicos da súa competencia en termos de calidade.

Como dicía no debate no ano pasado, o orzamento é un punto de partida, e será ao longo do exercicio cando vexamos a súa virtualidade. Estamos seguros que haberá cambios nel a través de expedientes de modificación de créditos, pensamos que se debe de aproveitar a existencia dese futuro plan, no caso de que sexa definitivamente aprobado, para distribuír novos fondos a concellos mediante criterios obxectivos, diminuíndo así o reparto de subvencións nominativas, e reservando ese medio para casos de carácter singular, tal e como indican as bases de execución do propio orzamento. Penso que é unha cuestión ao redor da cal esta Corporación podería atopar un punto de acordo.

E falando de plans e do debate do ano pasado, quixera lembrar as miñas palabras de entón sobre a necesidade de garantir o apoio ás iniciativas de especial relevancia que proceden das cidades, a través dun programa elaborado mediante

consenso, sen discriminacións e obxectivamente orzado, non foi posible ao longo deste ano, pero desde o Goberno xa se nos manifestou a súa disposición de cara ao vindeiro exercicio. No caso de Santiago de Compostela, como saben, enfrontamos os retos de ser a capital de Galicia, patrimonio da Unesco e da Humanidade, destino do Camiño de Santiago e, ao mesmo tempo, o terceiro concello da provincia en poboación rural, saudamos con satisfacción, pois, decisións como o apoio a actuacións nos cascos históricos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, non se trata de primar as cidades, nin de abandonar a finalidade principal da Deputación de apoiar os municipios pequenos no exercicio das súas funcións básicas, pero si de comprender entre todos as especificidades dos núcleos de máis de 50.000 habitantes.

(Entra o Sr. Calvelo Martínez).

Outro aspecto que quero destacar da previsión de gastos para 2017 é a dotación de 6 millóns de euros para o Plan de emprego local. Tamén o ano pasado fixen mención a isto, solicitando o aumento da previsión inicial de tres millóns de euros para o exercicio 2016. Ao longo do período de vixencia do actual orzamento eses tres millóns duplicáronse, algo que celebro, algo que celebramos, e máis aínda ao ver que se consolida esta cifra na previsión para o seguinte exercicio.

Como é lóxico, non compartimos o contido do proxecto do orzamento ao cen por cento, non é o noso orzamento, a súa elaboración corresponde ao Goberno e é a nosa tarefa facer propostas construtivas, confiando na vontade de diálogo expresada ata o de agora, agradecemos o tempo e a paciencia no diálogo, e confiamos no cumprimento dos acordos. Compartimos unha boa parte da filosofía que inspira o documento, e non imos facer das nosas discrepancias puntuais un obstáculo que impida o desenvolvemento da acción do Goberno, pois iso só prexudicaría aos concellos da provincia, incluído o de Santiago de Compostela.

Confirmo, entón, que Compostela Aberta votará favorablemente a este programa económico para o ano 2017. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Bo día a todos. Antes de comezar queremos desde este Grupo provincial da Marea Atlántica saudar o feito de que comezasen por fin as obras neste salón de Plenos, obras que supoñemos que servirán para axilizar e facilitar debates e votacións. Esperamos tamén a que chegue a posibilidade de comezar, como todos os Grupos demandamos, a retransmisión en directo dos Plenos, algo que entendemos facilitará o seu seguimento, e dotará de maior información a quen queira seguir máis de preto a actividade desta Deputación.

Chegamos a este debate de orzamentos, un dos debates centrais dentro de cada mandato, non só porque os distintos Gobernos mostran cales serán as súas liñas mestras da política para o ano que entra, senón tamén porque para os Grupos da oposición é tamén un bo momento para facer balance da actividade do Goberno ao que lle toca fiscalizar, e tamén para amosar as súas propias liñas mestras.

Previo ao comezo da miña exposición non quería deixar a oportunidade de mandar un saúdo enorme, un saúdo afectuoso ás persoas que hoxe se concentran na

Audiencia Provincial da Coruña contra os procesos de desafiuamento que están en marcha por todo o país, que nas portas do ano 2017 sigan ocorrendo estas cousas debería facer, ademais de revolvemos as entrañas, debería animarnos a continuar na denuncia desde dentro das institucións e desde as propias institucións contra determinadas cuestións contidas no marco legal e que por veces son inxustas e lesivas cos dereitos básicos dos cidadáns.

Centrándonos xa nos números á vista está que este é un orzamento de continuidade, e ollo non confundir con que sexa un orzamento continuista, que creo que todos e todas os que estamos aquí sabemos que este concepto ten outro tipo de connotacións, pero si que nos parece un orzamento de continuidade porque non se albisca nel, nin nas bases, nin nos estados numéricos, a creación de aplicacións novas ou aplicacións xa preexistentes, pero as que se lle outorga unha centralidade política ou económica de relevancia. Do mesmo xeito queremos salienta outras cousas de carácter máis positivo, cuestións nas que foron insistindo diversos Grupos, como outorgar un maior peso aos plans fronte aos convenios e as subvencións nominativas, un maior peso a incentivar actividade cultural ou as infraestruturas realmente precisas, fronte ao cemento porque si.

(Entra o Sr. García Seoane)

Recibimos positivamente a preponderancia dos plans sobre o tipo de formas de subvención a concellos e a entidades, así como recibimos positivamente a publicación dun Plan único que onte se presentou á prensa. Pero do mesmo xeito que apreciamos que se fagan políticas públicas que en esencia facilitan o traballo aos propios traballadores e traballadoras da casa, que facilitan o traballo aos concellos que queren presentar proxectos ou ser beneficiarios de ditos plans, e que dará coherencia aos distintos plans que viñan estando en aplicación, queremos facer unha crítica que xa se nos escoitou en diversas ocasións.

Entendemos que a Deputación teña que servir aos pequenos concellos, pero non entendemos como xera tantas discordancias entre uns concellos e outros de xeito reiterado. Hai uns meses falamos do Plan de medio ambiente e criticamos aquí que o Concello da Coruña, por mor dos criterios, fose quen menos percibise, algo que vai volver ocorrer con este Plan único. Por poñelo nun exemplo práctico, segundo o Instituto Galego de Estatística na Coruña hai cinco parroquias, catro sen contar o casco urbano, e cunha poboación total rural de 16.376 persoas. Cremos de verdade que os proxectos e as políticas que se implementan en núcleos como o da Coruña teñen influencia unicamente para estas 16.376 persoas?, ou incluso que só teñan influencia sobre as 243.870 que marca o censo actual?, nós pensamos que non. A pregunta ademais é loxicamente retórica, e que non espere resposta non significa que non a precise. Esta mesma pregunta lanzámola hai xusto un ano, durante o debate sobre a aprobación do Orzamento de 2016, e daquela a resposta que recibimos foi que as inequidades no reparto compensaríanse co debate e aprobación dun Plan de grandes cidades, do que nunca máis se soubo, e que hoxe nin sequera está sobre a mesa. Non é que consideremos un incumprimento no sentido máis groso do concepto, pero si nos gustaría que a non posta en marcha do dito plan tivese canto menos sido debatida.

Hai un ano falamos tamén da necesidade de reforzar o Plan de canguraxe, de incluílo no orzamento de 2016, e pese a que a resposta foi positiva, e saímos de aquí coa idea de que se levase a cabo, non foi ata o mes de outubro cando o dito compromiso foi efectivo, e foino porque esiximos que fose contido no modificativo de crédito número catro. O dito plan, na liña argumental que antes expuña, é un plan que pese a ser executado no termo municipal da Coruña, dá servizo a todos os concellos da comarca, de aí que precisamente se colocasen novos centros en lugares que fixeran máis sinxela a accesibilidade para persoas non residentes no Concello da Coruña. É por isto que, a pesar de ser conscientes de que o dito convenio está incluído no proxecto de orzamentos, esiximos que a partida sexa aumentada dos 80.000 aos 100.000 euros, que é a mesma cantidade que está achegando a Deputación neste ano 2016.

En canto a outras cuestións a que acabamos de presentar é unha política que vai máis aló dos nosos marcos do Concello, e iso casa coa idea que temos nós para a Deputación neste ano 2017. Cremos que é o momento de apostar por políticas que saian do propio Concello, desde o que se aproban, e cremos tamén que a Deputación debe de ser un lugar no que compartir experiencias. A pasada semana tanto o presidente como o deputado de Economía deron conta a diversos cargos municipais sobre novidades en administración electrónica, evento que cremos que foi altamente positivo, e cremos que é interesante que os concellos puidesen levar a cabo encontros formativos deste tipo desde a propia Deputación e que esta investise máis neles, e gustaríanos que se contase cos Grupos da oposición para facer propostas neste eido, non só é que o creamos interesante senón que entendemos que esta debería de ser unha das liñas prioritarias do actual Goberno para o ano que entra. Cremos tamén que a Deputación debe de facerse eco, e así insistirá este Grupo no tempo que vén por diante, das demandas cada vez máis persistentes de abrir a administración a novas políticas que xa están poñendo en marcha os concellos, como un maior compromiso coa igualdade de xénero e a participación cidadá e desde aquí contamos con numerosos mecanismos para facer isto efectivo, ben reformando o Regulamento orgánico, como se demandou, ou ben como propuñamos previamente, formando a concellos para que fagan as súas propias políticas a este nivel. Hai aquí deputadas e deputados de diversos Grupos, non só do noso, que proveñen de concellos que están traballando neste sentido de forma satisfactoria e cunha experiencia que é interesante compartir.

Tres últimas consideracións, unha sobre o funcionamento desta casa, no último Pleno, no que se aprobou o modificativo de crédito número catro, saudamos o diálogo que desde este Grupo de Goberno facilitou que os distintos Grupos coñecésemos mellor o contido do dito Expediente, e tivéramos unha mellor información. Tamén neste último Pleno criticamos o que hoxe reiteramos, que existe unha falta de coordinación e comunicación entre as persoas que encabezan as distintas áreas deste Goberno e que nos levaron a confusións, pero igual que reiteramos esta solicitude, apreciamos a boa praxe no diálogo e da información constante.

Dúas, como dixemos previamente, pensamos que a Deputación debe de facerse eco das distintas demandas que con maior intensidade demandan cada vez unha revisión do papel da administración, do papel e do seu ámbito. Antes dixemos que os concellos fan políticas que non son xa monopolio único deses concellos, e coa



intención de dar cabida a esa ambición, traballaremos porque a Deputación teña un papel activo na creación da área metropolitana da Coruña.

Terceira, por último lemos na memoria da Presidencia que acompaña o documento orzamentario como se achaca a continuidade nas cifras, entre outros motivos, a ausencia de Orzamentos xerais do Estado e da Xunta. Sendo indiscutible que isto ten unha incidencia clara sobre a previsión de ingresos non queremos deixar pasar a ocasión de complementar a declaración de intencións do presidente cunha crítica á Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, que é a gran razón que impide que este orzamento sexa máis ambicioso en canto a investimento, en canto a contratación e a prestación de servizos por parte das administracións locais. A actividade institucional debe servir para a denuncia das leis que consideramos inxustas e ineficaces, como a mencionada, e iso tamén está na nosa folla de ruta.

Remato xa reiterando a solicitude de aumento na partida do convenio de canguraxe dos 80.000 aos 100.000 euros, e remato xa anunciando o sentido do voto deste Grupo Provincial da Marea Atlántica. A Marea Atlántica pensa que a tarefa da oposición é a de fiscalizar, a tarefa da oposición é a de criticar, pero tamén a de propoñer cumprindo o programa e poñendo as necesidades e as demandas da cidadanía por parte dos intereses de partido, pero para que iso ocorra, para poder fiscalizar, criticar e propoñer ten que permitirse que os gobernos leven a cabo as súas políticas, que deseñen orzamentos e que presenten os seus proxectos. Cremos que este é o labor dos Grupos da oposición, e por iso coas nosas emendas, as nosas críticas e as nosas propostas, a Marea Atlántica anuncia o voto favorable a este orzamento. Grazas.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, bos días a todos. Estamos no debate dos orzamentos para o ano vindeiro, para o 2017, en definitiva na traslación a cifras da acción política do Goberno da Deputación na provincia, a verdade é que tendo en conta que estamos falando dun orzamento resulta, cando menos, curioso a ausencia de cifras, de datos e comparativas por parte do portavoz do Goberno nesta materia.

Nós temos claro que estamos ante o documento máis importante para calquera administración e, por suposto, para esta Deputación, e tamén cremos que este é un documento que cómpre valorar desde dous puntos de vista, desde o punto de vista cuantitativo, obviamente ese que non fixo o portavoz, e desde o punto de vista cualitativo ou formal. No segundo dos aspectos, é dicir, desde o aspecto formal, temos unhas observación e valoracións. Valoramos positivamente que o Goberno facilitara a documentación, a este Grupo polo menos, nunha xuntanza celebrada o pasado día 9 de novembro, podería ser con máis tempo, pero en todo caso cremos que é de agradecer esa xuntanza. Tamén é de agradecer a documentación facilitada, aínda que fora evidentemente unha información reducida. En todo caso, no referente ás formas, temos que lamentar a falta de vontade negociadora do Goberno, facilitou información pero non houbo ningunha xuntanza, é certo que tampouco daría moito tempo, polo tanto para nós quedou claro que a xuntanza foi máis unha cuestión protocolaria, de cortesía, que vontade clara e vontade real de diálogo non existía e

que non tiña o Goberno vontade de busca de consenso, polo menos con este Grupo maioritario da Corporación.

É unha pena que un Goberno en minoría non faga nada cara a intentar acadar un acordo, volvo repetir, co Grupo maioritario desta Corporación provincial, especialmente cando o actual portavoz que lles fala, e tamén cónstame que os anteriores portavoces manifestaron a nosa vontade de chegar a acordos, e reiteramos esa vontade. Con nós o Goberno a verdade é que non demostrou con feitos a súa vontade de diálogo, lamentámolo.

No referente a cuestións cuantitativas temos algunhas observacións sobre os números, e tamén temos algunhas propostas. En primeiro lugar, os orzamentos do ano 2017 cremos que non poden valorarse sen analizar os antecedentes e a evolución dos orzamentos provinciais nos derradeiros anos. Lembro que no ano 2007 este ano tiña algo máis de 179 millóns de euros, 197 no 2008, 201 o ano que tivo máis, no 2009, 178 no 2010, 175 no 2011, 136 no 2012, 156 no 2013, 157,6 no 2014, 171,3 no 2015, 175.599.035 no ano 2016, e este ano a previsión son 176.515.000. É de resaltar a baixada traumática do ano 2012, por razóns obvias, así como o incremento continuo entre o 2013 e o 2016.

O orzamento de 2017 é cuantitativamente, por certo similar ao de 2011, precisamente o derradeiro orzamento do Goberno bipartito desta provincia, é interesante facer unha comparativa en relación con ese orzamento de 2011. No Capítulo I no 2011 a Deputación tiña 40, 2 millóns e no 2017 a previsión son 39,3, é dicir, similar. No Capítulo II pasamos no 2011 de 28,2 a 25 no 2017; o Capítulo III pasa de 1,4 millóns de euros aproximadamente a 20.000 euros no 2017; o Capítulo IV no 2011 foi de 39,8 millóns de euros e no 2017 é de 48,5 aproximadamente; o Capítulo V, que non tiña dotación no 2011 é no 2017 de 3,53 millóns de euros; o Capítulo VI que era no 2011 de 24,6 millóns de euros pasa a ser no 2017 de 17,8 millóns de euros; o Capítulo VII, que no ano 2011 eran 26,2 son 20 millóns no 2017; o Capítulo VIII que estaba por baixo de 1 millón de euros no 2011 é de 22,08 millóns de euros no 2017 e o Capítulo IX que eran 13,5 millóns de euros, no 2017 non ten consignación orzamentaria.

Estas cifras reflicten datos interesantes que acreditan, na nosa opinión, o saneamento financeiro realizado polo Goberno do Partido Popular nesta casa, por certo, no momento da crise económica máis fonda que aconteceu neste país en moitísimos anos. O Capítulo de xuros pasa de 1,4 millóns de euros a 20.000, é dicir, practicamente desaparece, e as amortización pasan de 13,6 millóns de euros, a cero.

Os números cantan a situación da Deputación no referente a súa saúde financeira, que sen dúbida é óptima, recoñecido, por certo, cuestión que agradecemos, pola propia Presidencia desta institución. Polo tanto, este orzamento na nosa opinión podería ser unha oportunidade, pero nós cremos que non é así. Pasando ao orzamento, en comparación co do ano que estamos, co do ano 2016, o total no 2017 previsto son 176.515.000 euros, e no 2016 foi algo menor, 175,6 millóns de euros, é dicir, hai un escaso incremento do 0,52%. É curioso, no gasto corrente no 2017 contaremos con 116,4 millóns de euros fronte a 111,8 millóns de euros no 2016, é dicir, en gasto corrente o incremento é de 4,6 millóns de euros aproximadamente, é dicir, un incremento no gasto corrente do 4,2%.

No Capítulo IV, para entrar en capítulos concretos, pasamos de 45 millóns de euros no ano 2016 a 48,4 millóns de euros no ano 2017, é dicir un incremento do 5,7%, no Capítulo II do gasto corrente puro e duro pasamos de 22,5 millóns de euros a 25 millóns de euros, é dicir, un incremento de algo máis de 2,5 millóns de euros, o 11,3% máis de gasto corrente puro e duro, e o que nós consideramos grave, o Capítulo VI baixa dos 22 millóns de euros a 17 millóns de euros, é dicir, unha diminución de 4,5 millóns de euros, -20,2%, e o Capítulo VII de transferencias de capital pasa de 19,3 a 20,1, é dicir, unha baixada do 3,9%.

O orzamento para o 2017, é certo, increméntase nun 0,52% respecto do ano anterior, pero estas cifras, estas ratios, reflicten que estamos ante uns orzamentos carentes de ambición e de proxecto de provincia, un Goberno en minoría que se move, na nosa opinión, entre o conformismo e a busca da súa comodidade. Un Goberno pasivo e pasota das necesidades dos concellos da provincia, a mostra está en que incrementan o gasto corrente, e as cifras reflícteno, redúcese a partida para investimentos e as transferencias aos concellos, redúcese o gasto social e as partidas para políticas de fomento da igualdade, non sei cal será a opinión da vicepresidenta a estes efectos, é un Goberno instalado na moqueta, que destina máis fondos para os gastos de funcionamento e menos investimento para os concellos da provincia. Con esta subida mínima do orzamento, estamos a falar dun incremento que non chega a un 1%, como subliñei hai uns intres, o que sobe é o gasto corrente claramente, sobe nun 11,3%, é dicir, o vindeiro ano o bipartito saíranos 2,5 millóns de euros máis caro a todos os cidadáns, a todos os veciños desta provincia.

Chama a atención que o Capítulo de investimentos sufra un descenso de máis do 20%, estamos a falar, como subliñei, dun descenso de 4,5 millóns de euros. E permítame facer un percorrido breve sobre algúns servizos concretos desta casa. O Servizo de Vías e Obras pasa de 21,2 millóns de euros en 2016 a 19,7 millóns de euros en 2017, diminución de -1,5 millóns de euros, é dicir, -7,11%, dato preocupante neste Servizo, o Plan de conservación de estradas provinciais pasa de 11,7 millóns de euros no 2016 a 7,9 millóns de euros en 2017, diminución de -3,8 millóns de euros, é dicir, o -32,48%. É certo que estamos a falar do Capítulo VI, e tamén é certo que no Capítulo II, gasto corrente, a partida de mantemento pasa de 800.000 euros en 2016 a 3 millóns de euros en 2017, un incremento substancial de 2,2 millóns de euros, sen embargo, se sumamos o Plan de conservación, Capítulo VI, e o gasto de mantemento, Capítulo II, pásase de 2,5 millóns de euros en 2016 a 10,9 millóns de euros en 2017, é dicir, un descenso de -1,6 millóns de euros, é dicir -12,8%. O descenso en Vías e Obras prodúcese como consecuencia especialmente da diminución dos fondos de conservación e mantemento, dato preocupante.

No Servizo de Arquitectura e Mantemento acontece algo similar, pasamos de 4,4 a 4,2 escasamente millóns de euros en 2017, diminución de -241.000 euros aproximadamente, é dicir, -5,43%. Na acción social as cifras da Deputación pasan de 10,3 millóns de euros en 2016 a 8,5 millóns de euros en 2017, diminución de -1,8 millóns de euros, é dicir, -18% aproximadamente. Como é posible que se baixe esta liña de gasto que debería ser prioritaria? En igualdade de xénero, por exemplo, en 2016 o gasto foi de 1,3 millóns de euros aproximadamente, e en 2017 de 673.000 euros, é dicir, diminución de -700.000 euros, é dicir, -51% en igualdade de xénero. Cultura e Deporte pasa de 15,4 millóns de euros en 2016 a 12,5 millóns de euros en

2017, isto significa unha diminución de aproximadamente tres millóns de euros, é dicir, -19%. Nas subvencións a concellos para instalacións deportivas pasan de 680.000 euros en 2016 a 1.000 euros en 2017 e, por certo, desaparecen as destinadas a mancomunidades e consorcios para ese fin. As subvencións a concellos para a promoción e fomento do deporte pasan de 1,5 millóns de euros en 2016 a 700.000 euros en 2017, e ocorre o mesmo exactamente que acontecía nas outras liñas coas cantidades destinadas a mancomunidades e consorcios.

As cifras do gasto na nosa opinión son decepcionantes, unha oportunidade perdida, nós pensamos que o Goberno podería aproveitar a saúde financeira para planificar, para ser unha administración proactiva a nivel provincial, para ser o motor económico da provincia. Hai moitas iniciativas, moitos ámbitos de planificación a nivel provincial que poderían iniciarse en 2017, ser innovadores como, por exemplo, cremos que poden selo nese Plan único, por certo.

Permítanme que comente algunhas iniciativas, Plan de canceiras a nivel provincial, cremos que é unha necesidade que está neste momento en moitos concellos; Plan de colaboración da Deputación no ámbito dos Camiños de Santiago na nosa provincia, obviamente, colaborar cos concellos e ser proactivos; Plan de financiamento dos GES na porcentaxe que actualmente financian os concellos da provincia de acordo coa moción que trouxemos a este Pleno, neses concellos onde existen centros de emerxencias; tamén cremos que o Goberno podería facer e adoptar algunha medida en relación co funcionamento do PAI, a sabendas dos corsés que se esixen coa normativa xeral que é de aplicación, pero no ámbito dos ingresos tamén consideramos que poderíamos facer algunha proposta que beneficiaría aos concellos da provincia. Refírome ao axuste da comisión que cobra a Deputación aos concellos pola recadación voluntaria dos propios concellos. No orzamento de 2017 están previstos, por certo, unha cantidade de 8,1 millóns de euros, significativamente menor que a recollida no orzamento 2017, como taxa polos servizos de recadación provincial. Desde o Grupo Provincial Popular consideramos que é posible rebaxar esta taxa do actual 5% ao 2,5%. Temos claro que o traballo máis importante na recadación realízase na executiva, nesta liña mantemos neste posicionamento que a Deputación unicamente fixera esa redución do 5 ao 2,5 na ordinaria e mantivera o 5% na recadación executiva. A maioría dos concellos teñen delegada a recadación ata o ano 2021, segundo teño entendido, e consideramos que o Goberno provincial podería acadar un acordo que prolongara esa xestión máis alá do 2021, e así dar continuidade e seguridade aos traballadores do Servizo de Recadación á vez que permite que os 87 concellos que delegaron ese Servizo poidan dispor de recursos adicionais de forma automática.

Observamos que a cantidade asignada nos orzamentos, como subliñei hai uns meses, 2017 no apartado de ingresos é menor que a do ano 2016, a verdade que non temos claro cal é a razón, posto que no 2016 estaban previsto 9,3, cremos que a cantidade finalmente liquidada é substancialmente maior, pero en todo caso é curioso que no ano 2017 diminúan esa cantidade ata algo máis de 8 millóns de euros. Cremos que o Goberno provincial podería traballar na liña, insisto, de baixar esa porcentaxe do 5 ao 2,5.

Como poden observar realizamos unha análise crítica das cantidades orzadas e tamén realizamos un esforzo para lanzar propostas ante uns orzamentos que nós

cualificamos de carentes de ambición, como carente de ambición é o Goberno minoritario desta Deputación. Un orzamento froito da inercia e un orzamento que nós consideramos que é raquíptico nas súas propostas. Un orzamento que non servirá como motor da provincia, e moito máis se a estas circunstancias de falta de ambición do orzamento, engadimos a parálise desta casa, o ritmo lento, lento non, lentísimo, nas tramitacións, a ver se o Plan único resolve algo este tema.

En definitiva, decepción, en definitiva, inercia, en definitiva ausencia de proxecto de provincia, falta de ambición, máis gasto corrente, é importante dicir que as cifras reflicten máis gasto corrente, menos investimento, falta de planificación e de programación a nivel da provincia.

Por todo iso nós, obviamente, non podemos apoiar estes orzamentos, porque obviamente non podemos apoiar aquilo no que non participamos, aquilo para o que non se nos deu a oportunidade de amosar a nosa opinión, pero tamén é obvio que non podemos apoiar aquilo para o que non se pediu o apoio, é como aquel paisano, e permítanme esta pequena brincadeira para rematar a miña intervención, o paisano que falaba co seu amigo Ramón, e dixo “Ramón, non me deches o teu voto”, e Ramón resposta “Porque non mo pediches”. Moitas grazas.

#### Sr. Requeira Varela

Bo día, moi brevemente. Para empezar polo final da intervención do Sr. Hernández, eu creo que este Goberno o que demostra, non me gusta moito a palabra ambición, pero si gústame a palabra responsabilidade, e demostra moita responsabilidade ao ser a primeira administración, porque temos que recordar que nestes momentos a Xunta de Galicia non ten orzamento, e o Estado tampouco ten orzamento, polo tanto os servizos técnicos e o equipo de goberno desta outra administración non sabemos nin sequera cal vai ser o teito de gasto para as administracións públicas. O que si sabemos é que ter un orzamento na Deputación é importantísimo para que os concellos poidan ter o seu orzamento o antes posible. Polo tanto, estamos facendo un exercicio responsable desde un concepto técnico que o Sr. Agustín Hernández coñece perfectamente, que é o da cautela orzamentaria. Ao non ter claro cales van ser as restricións económicas ás que imos someter este documento técnico, facemos unha análise orzamentaria e plasmámola nun documento dunha maneira cautelosa, para ver o que pasa definitivamente co Orzamento sobre todo do Estado. Polo tanto, a potencialidade deste documento saberémola, agardo que, polo mes de febreiro, a finais ou a mediados de febreiro, ou a principios de marzo, aí é onde realmente estaremos diante do Orzamento da Deputación da Coruña para o ano 2017.

Dito isto, e sen entrar así tampouco en cualificativos, pois claro, cando falamos de que este orzamento se puido entregar con máis tempo, que se entregou hai nove días, eu, que levo aquí seis anos neste salón de Plenos, recordo que a documentación se nos entregaba ás portas da Comisión e que mesmo recibimos documentación do orzamento que se ía aprobar, no mesmo acto de inicio do debate no salón de Plenos, é dicir, emendas ao propio orzamento polo Grupo de goberno no mesmo día do debate plenario do orzamento, polo tanto todo é relativo, pero podemos facer memoria.

Indo ás cifras xa concretas, eu teño que tamén facer unha valoración numérica e teño que dicir que o que son as actuacións de protección e promoción social, segundo os datos que teño eu, que supoño que será os que teñen todos os corporativos e corporativas, sobe un 3,21%, polo tanto, estamos subindo o orzamento en actuación de protección e promoción social, e as actuación de carácter económico soben un 6,43%, polo tanto, evidentemente é unha preocupación deste equipo de goberno a protección social e a promoción económica da provincia. En todo caso, por respostar tamén as outras intervencións, eu agradezo, en principio, aos Grupos que xa nos ofreceron o seu apoio a este documento, e si entendo que hai cuestións que se suscitaron aquí que considero que son importantes, á hora de destacar, non só o documento numérico, senón o propio orzamento.

Eu creo que o gran punto que vai ofrecer este orzamento para o futuro da provincia, eu non sei se temos que ter unha planificación ou un proxecto de provincia, o meu Grupo, evidentemente, non destaca por ser defensor da provincia como unidade territorial, o que si temos claro é cal é a situación dos concellos e si temos claro que queremos afondar na autonomía local, e estamos ofrecendo un mecanismo novo para que esa autonomía local sexa un feito. Tamén reclamaremos ás outras administracións, Xunta de Galicia, eu creo que o Partido Popular, xa que nolo reclama a nós, eu espero que no futuro tamén nos axude a reclamálo, unha maior transparencia no reparto de fondos a nivel de Xunta de Galicia e unha maior transparencia no reparto de fondos e novos instrumentos de financiamento local por parte dos gobernos do Estado, como o estamos facendo nós co Plan único que estamos debatendo nestes días e que foi presentado onte mesmo.

E en relación cos outros Grupos, reitero o meu agradecemento ao apoio destes orzamentos e si é certo que temos que marcar un acordo marco para as cidades da provincia da Coruña, pero que non exista ese acordo que ten que existir no futuro, non quere dicir que as cidades non teñan un trato diferencial dentro das políticas da propia Deputación da Coruña, por ir á intervención do Sr. Grandío, que foi o que máis avanzou sobre este aspecto, evidentemente, A Coruña nos criterios do reparto do POS seguramente é o Concello que menos fondos recibe, ao redor de cincocentos e pico mil euros, pero non temos que esquecer, e non debemos de esquecer que o millón e medio e euros que neste propio documento de orzamentos vai consignado para o Consorcio da Música tamén é un orzamento que recibe a cidade da Coruña e que non reciben outros concellos da propia provincia, pero poderíamos falar tamén do Consorcio de Turismo, do Calvo Sotelo, do Fórum Gastronómico, do Centro de Coworking do Papagaio, da tempada lírica, é dicir, hai moitos aspectos onde nós entendemos que as cidades, como dicía tamén o portavoz de Compostela Aberta, teñen que ter un matiz diferencial, e intentamos entendelo así tamén nas accións de goberno ao longo do ano. Si entendo que a mellor maneira de que isto no futuro se traslade sexa a través dun acordo marco no que se contemple a relación da propia Deputación coas cidades.

Dito isto, pola miña parte nada máis, eu creo que o documento que presentamos hoxe aquí, dos seis que eu levo debatido é o documento seguramente máis técnico polas razóns que esgrimíu ao principio da cautela orzamentaria, de non coñecer exactamente cal vai ser o teito de gasto para o futuro, pero si creo que é un bo documento que ademais, efectivamente, desaparecen algunhas liñas de subvencións a concellos, pero desaparecen porque incrementan un Plan único que

van deixar que os concellos prioricen os seus investimentos, gasten onde cren que a súa sociedade o necesita e, polo tanto, é unha boa nova, tanto que teñamos este Orzamento como que ese cambio na distribución dos fondos tamén se dea a partir do ano vindeiro. Pola miña parte nada máis e moitas grazas.

### Sr. Leira Piñeiro

Quixera facer esta segunda parte da miña intervención, reiterando, igual que o portavoz e compañeiro do BNG, os agradecementos tanto a Compostela como a Alternativa e a Marea polo apoio a este orzamento polas razóns diversas, e recollendo o guante das reivindicacións que nos fan e poder mellorar estes durante este ano 2017. Afondar tamén, e tamén así respostado ao portavoz de Compostela Aberta, que as cifras son cifras, e a realidade tamén é a realidade, explícome. Vostede sabe que este é un orzamento que vén dunha realidade económica, social e dependemos doutras entidades, chámese Estado, chámese Europa, chámese a Comunidade Autónoma, e polo tanto, dicir que o orzamento sobe un 0,52% non é a realidade, non é a realidade real e auténtica deste orzamento, e explícome.

Vostedes saben que xa no Expediente número catro de modificación de crédito dotáronse unhas cifras de aproximadamente un millón case setecentos mil euros en distintas partidas a distintos departamentos desta casa nos que se fixo nese momento foi mellorar os servizos desta casa e ao mesmo tempo permitir que os servizos nos concellos se visen revertidas estas actuacións, estou falando de informática, estou falando de tesourería e recadación en axudas precisamente a actualización de catastros para os concellos, e estou falando para que os concellos teñan unha nova aplicación que substitúa ao Ágora dentro dos concellos de toda a provincia, porque xa queda caduca, e estas actuacións o que nos permitiron, este un millón case setecentos mil euros, que nun principio terían que ir ao orzamento 2017, fomos previsores, fomos quen, grazas ás economías que tivemos ao longo do ano, de poder sumalos a este Expediente, e ao mesmo tempo alixeirar neste momento o que é o orzamento 2017, o que sería un atranco para cadrar as cifras. Polo tanto, se vostedes se fixan neste exemplo que acabo de poñer, o orzamento subiría un pouco máis alá do 0,52, pero como estas houbo máis actuacións que fomos consecuentes e fomos quen ao longo dos últimos Expedientes de ser previsores para que isto non acontecera e o orzamento de 2017 non tivese máis limitacións das que ten na actualidade.

Polo tanto, simplemente, e por respostarlle ao portavoz de Compostela e ao mesmo tempo tamén que o portavoz do Partido Popular recolla estas cifras que acabo de comentar para que dentro dese abano que deu de cifras, ao cal non quixen aludir porque parécenme, como di o portavoz do BNG e compañeiro, demasiado técnicas para aburrilos neste momento, xa a miña intervención foi longa no sentido de explicarlles a vostedes cales son as circunstancias que nos levaron a ter este orzamento e con estas circunstancias. Sr. Hernández, vostede sabe que desde o minuto un vostede tivo e ten e terá diálogo comigo, cando queira, aquí, en Santiago, en Oroso, en Ordes, onde vostede diga, e sabe que iso non é unha frase, é un feito. En calquera caso, xa que vostede rematou con brincadeira, eu se lle parece empezarei coa mesma, é dicir, despois, digamos, das declaracións, pasamos á realidade. E a realidade é que non é verdade que falte vontade negociadora, creo

que ao longo do exercicio 2016 a miña persoa con vostedes atopoume cando vostede o dispuxo, chameino eu, chamoume vostede, chameino eu, chamoume vostede.

Mire, este non é un orzamento carente de ambición, en absoluto, é un orzamento cun esforzo político e, sobre todo, técnico, para que este orzamento vexa a luz no mes de xaneiro de 2017. En canto a actuacións concretas, vostede falaba de que en Vías e Obras se recortaba, en canto ao Plan de estradas, voulle dicir unha cousa, en Vías e Obras en canto a actuacións en estradas fomos quen de poñer en marcha o servizo de limpeza e para que saia canto antes, vostedes saben os problemas que hai en toda a provincia cos temas do mantemento de estradas e limpeza, e fomos quen, vendo as circunstancias que tiñamos no orzamento, de que antes o que ía en investimento para este servizo agora vai en gasto corrente, con que fin?, co fin de acelerar a posta en marcha deste servizo e que non chegue o mes de setembro e as estradas da nosa provincia estean sen amañar.

Sr. Hernández temos que cumprir a regra de gasto, temos que darnos conta de que a Lei de orzamentos do Estado nos establece límites e restricións que temos que cumprir e que nos impiden ter un orzamento maior, eu estou convencido, se isto non fora así, se non fora así, estamos falando dun orzamento de aproximadamente 200 millóns de euros perfectamente, e que esperamos que coas incorporacións que durante o ano vaíamos facendo, chegue a esta cantidade e incluso a supere, iso seguro.

Hai cuestións que tamén hai que ter en conta como que sabe que o ano pasado ía un millón e medio de euros na parcela do Polígono de Sabón, que xa non se recolle este ano, son datos que están aí, son datos que fan que o orzamento mude na súa contía. Pero mire, todo isto son apuntamentos que fan que este sexa un orzamento de saída, e que queremos aumentar, e facíao na miña exposición, con novas economías. E todo isto vostedes sabían con anterioridade, o que lamento, de verdade, e dígoallo sen acritude, é que as pólas lle impidan ver o bosque, e por outra banda tamén o que lamento é que se saltaran as normas mínimas de diálogo. Eu ofrecínlles diálogo desde o minuto número un, porque mire, á parte da intervención que vostede fai agora, realmente que a respecto e por suposto que tomaremos nota dela e tomarei nota dela con moito agarimo, é unha intervención que como xa sabíamos pola prensa, realmente, xa tomei nota hai uns días, é dicir, xa son datos que teño desde hai uns días, e iso é o lamentable, claro que vostede pode facer o que considere, faltaría máis, vostedes poden manter o camiño que vostedes consideren, pero penso que o lugar de diálogo é aquí neste salón de Plenos, como acaban de facer os compañeiros dos outros partidos políticos, pero non se preocupe que tomo nota das declaracións de prensa e tomo nota da reiterada digamos declaración aquí no salón de Plenos.

Con respecto ás propostas que fixeron vostedes, oxalá viñeran antes, pero en calquera caso intentaremos e collerémolas con todo o respecto do mundo para darlles forma, e en canto ao tema das canceiras que nos di vostede, para fomentar o tema do Camiño de Santiago, e todo iso, perfecto, e as recollo con maiúscula, con negriña, pero mire, voulle dicir unha cuestión, nese tema, persoalmente tanto eu como o deputado neste caso de Turismo, o Sr. Regueira, xa levamos tempo traballando co Xacobeo, porque é quen ten as competencias maiores sobre o Camiño de Santiago, ao final dáse conta de que veñen todas á Deputación, chámannos xa de Ensino para



que lles arranxemos os colexios, agora o Xacobeo para que tamén lle fagamos o Camiño de Santiago, pero imos estar aí e como mínimo imos poñer o mesmo que poña neste caso o Xacobeo e a Xunta de Galicia para que o Camiño de Santiago teña o lugar que se merece, estamos falando do Camiño de Santiago, no que respecto ao Camiño Inglés, que é o Camiño que pasa integramente pola nosa provincia, así como tamén outros concellos que aínda que non sexa o Camiño Inglés tamén pasan polo Camiño de Santiago. Recórdolle que esta Corporación foi a primeira que pon unha dotación presupostaria precisamente para o Camiño de Santiago, e levámolo nos orzamentos xa no ano pasado, e seguimos agora, e curiosamente imos ter que poñer agora en marcha nós, esta Corporación, imos poñer en marcha a nova sinalización do trazado do Camiño Inglés, porque levamos todo o ano esperando que o Xacobeo, a Xunta de Galicia, nos diga algo. Entendemos xa que ata aquí chegamos e que o Camiño non é nin da Xunta, nin da Deputación, o Camiño é dos concellos e dos propietarios dos terreos, e polo tanto, doulle esta explicación porque nós quixemos ir e queremos ir, neste caso, da man do Xacobeo, que é quen lle corresponde, pero se non é do Xacobeo non podemos deixalo de lado.

Estamos á súa disposición, señores do Partido Popular, e seguirei á súa disposición, pero en calquera caso para que haxa diálogo teñen que querer as dúas partes. Ata o de agora eu chamei á súa porta e falei as veces que fixeron falta e despraceime onde fixo falta, gustárame que esta percepción que vostedes teñen quede nunha percepción, e pasemos aos feitos, e como dicía antes, despois das declaracións, pasemos á realidade, e a realidade é que este é un orzamento rigoroso, un orzamento responsable coa situación que nos toca vivir e un orzamento que está a prol dos concellos que son os que nos esperan o día 2 de xaneiro. Moitas grazas.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, agradezo que estean traballando en iniciativas que nós lanzamos hoxe neste Pleno, cremos que é o sitio onde temos que debater e, Sr. Leira, o orzamento é un documento técnico, a verdade é que eu teño presentado na miña vida moitos orzamentos e si, é árido, non desfruto soltando todas esas cifras, todas esas comparacións, pero creo que é un traballo interesante e imprescindible para que todos poidamos comprobar o que acontece co orzamento inicial e co orzamento inicial de 2017, logo despois o que fagan vostedes, loxicamente, é unha decisión da xestión que poderán facela cumprindo a normativa obviamente.

E falta diálogo, é evidente que falta diálogo, frases temos moitas pero feitos, sinceramente, non temos tanto, está claro que o diálogo entre dúas partes ten que ser nas dúas direccións, pero tamén está claro que debería de ter máis interese, quizais, a parte que ten, díganos, a vontade e a necesidade de aprobar o orzamento, pero ben, en todo caso tamén nós queremos amosar a nosa vontade de chegar a acordos.

A verdade é que non estamos falando de persoas, estamos falando de institucións, e fronte a esa vontade, a esas manifestacións, a verdade é que sinceramente cremos que a realidade desta casa é diferente, polo menos con este Grupo, e dígoo por cuestións como unha que vou dicir, que afecta precisamente ao propio presidente, é dicir, si, moito respecto á oposición, e que eu saiba, polo menos este portavoz do Grupo maioritario non foi invitado polo Sr. presidente a un acto que vai ter lugar dentro duns intres, onde a Deputación vai ter unha homenaxe a unha

institución, unha homenaxe ao emprazamento histórico desta Deputación, sei que o presidente probablemente diga que está organizado pola Forza Loxística, pero tamén cónstame que o presidente si que tivo o detalle de invitar a persoas e que, polo tanto, podería ter invitado, polo menos, ao portavoz do Grupo maioritario, non sei se o resto dos portavoces da oposición foron invitados. En todo caso, eses son os feitos que amosan o que pensan vostedes do Grupo maioritario. Moitas grazas.

#### Sr. Presidente

Respecto a este último dato non vou alegar que está organizado pola Forza Loxística Operativa, porque non é certo, está organizado pola Deputación da Coruña, pero como ben sabe, sorpréndeme moitísimo e dóeme esa apreciación do portavoz, quen organiza aquí é o Servizo de Protocolo, evidentemente iso vai en automático, en calquera caso estamos a tempo de corrixir o erro, e pedir perdón por non ter sido invitado a ese acto. En calquera caso, sorpréndeme e sinto moito que estea doído por iso, non volverá ocorrer, pero en calquera caso como comprenderá a súa presenza alí é totalmente benvida, están invitados os expresidentes da Deputación da Coruña e non sei quen máis, iso dígollo claramente, si que sei os expresidentes, que é o que me consultou o Protocolo, o resto vai en automático, e seguro que hai alí un montón de xente invitada e entendo que tamén deberían de estar os portavoces dos Grupos, por suposto.

Respecto ao asunto que nos trae hoxe aquí facer unha última apreciación persoal, esperar o apoio maioritario a estas contas para o ano 2017, unhas contas que, como ben dixo o noso deputado de Facenda son contas absolutamente prudentes, partindo dunha premisa principal que é que as institucións do Estado que debe de marcar unha liña que nos permita ao resto de institucións e administracións locais ter unha previsión para redactar e elaborar os nosos presupostos, aínda non teñen dado ese paso, non hai presupostos do Estado e, por tanto, tampouco está aprobado o teito de gasto en cumprimento da regra de gasto. Iso fai que fagamos, como dicía o portavoz de Compostela Aberta, unha fotografía inicial, nin máis nin menos, prudente, absolutamente prudente e que, como ben sabedes na historia presupostaria desta Deputación, na historia diaria da Deputación a técnica presupostaria son os modificativos de crédito que ao longo do ano se van producindo, iso permítenos aseverar, para que aqueles que acaban de chegar a esta institución, ou que acabamos de chegar, recorrendo aos históricos, recorrendo as comparacións, dicir que no ano 2015, con outro Goberno nunha parte do exercicio e outro Goberno noutra parte do exercicio, había unha previsión no orgánico de Cultura 2015, de 12.326.000 euros e o crédito total consignado finalmente foi de 23.412.000, case o cen por cen máis, iso en Cultura. Pero é que en Sevizos Sociais, no orgánico de Servizos Sociais, que tanto nos preocupa a todos, evidentemente, había un crédito inicial presupostado polo Goberno anterior, de 9.630.000 euros, e acadou o gasto social rematado por este Goberno, en 17.233.000 euros, 9 millóns contra 17, é dicir, a fotografía inicial era a que era, e a fotografía final, como ben dicía Manolo, foi a que foi. Pero é que no ano 2016 xa co Goberno actual, no orgánico de Cultura a previsión de crédito oficial eran 15.000.000 de euros, e acaba finalmente o crédito total consignado en 28.240.000 euros, case o cen por cento máis. Na orgánica de Servizos Sociais o crédito inicial era de 10.339.000 e acadou un total de 18.000.000 de euros, é dicir, que é unha fotografía inicial, e por tanto eu entendo o labor da oposición, entendo o papel neste caso do portavoz do Partido Popular de facer unha análise do

presuposto como el considere oportuno, ten todo o dereito, e facer comparacións. Eu o que si que me gustaría é que a comparación fora coherente, xa non ambiciosa, pero coherente, e coherente significa que non se pode comparar un presuposto elaborado no 2011, onde non se sabía practicamente aínda o que era a crise, nin existía a realidade da regra de gasto e estabilidade financeira, nin criterios tan restritivos na redacción do presuposto como un presuposto como o posterior de 2012 coa aparición destas normativas, non se pode comparar, o lóxico sería comparar este presuposto co do 16, o do 15, ou o do 14, pero non co de 2011, onde había capacidade de endebedamento, que hoxe non hai, e onde non existía regra de gasto nin teito de gasto, que hoxe si que hai. E, polo tanto, si me gustaría esa coherencia á hora de analizar.

E despois atacar absolutamente unha afirmación que me parece pouco real, como é que aumenta o gasto corrente, claro que aumenta o gasto corrente, e máis que vai aumentar e debe aumentar, pero expliquémoslle á cidadanía o que é o gasto corrente, expliquémosllo, significa Plan de emprego, significa pasar de 1,3 millóns de euros a 6 millóns de euros para que os concellos poidan contratar persoal e facer fronte ás limitacións en contratación de persoal que impuxo a Lei de sostibilidade da administración local. Significa que as limpezas, que é unha queixa conxunta de todos os alcaldes desta provincia desde sempre, non co noso goberno, nin co anterior do Partido Popular, nin co anterior do Partido Socialista, de sempre, significa que as limpezas chegan nalgún caso a setembro ou outubro, a proposta que fai o Servizo de Contratación é reducir esa tramitación retirando o Plan de conservación, 2,2 millóns de euros, como recoñecía o propio portavoz do Partido Popular, 2,2 millóns de euros, que se incorpora a gasto corrente, claro que si, porque a tramitación é moito máis áxil. Tamén é gasto corrente unha reclamación constante dos concellos que teñen plans xerais e que non teñen as valoracións catastrais adaptadas a esa nova realidade urbanística, e que significa que hai que facer unha nova valoración, que ten un custo enorme, e que significa que no ano 2016 levamos investidos 600.000 euros por unanimidade nas Comisións e nos Plenos de todos os aquí presentes, 600.000 euros solicitados polos propios concellos para aumentar a valoración catastral e, polo menos, adaptar a realidade catastral á realidade urbanística do planeamento. Significa tamén, unha reclamación que facía Dani, esa reclamación significa aumento do gasto corrente, que é unha reclamación unánime de todos os concellos, que é a realidade social deste país e do mundo no que vivimos, que é implantación de novas tecnoloxías, informática son tres millóns de euros, que é gasto corrente.

É unha percepción do gasto corrente que tamén hai que mudar, non só o cemento é investimento, tamén, e xera emprego, dezaioito empregos por cada millón de euros investido, segundo o Ministerio de Fomento, pero en calquera caso tamén as novas tecnoloxías, tamén a redución de trámites, a redución de prazos, a supresión de expedientes administrativos, significa investimento, non comparto, diga o que diga o Plan de contabilidade, non comparto que o investimento en informática signifique gasto corrente e non investimento, é dicir, creo que hai que recuperar unha filosofía distintas en canto a que investimento é gasto corrente porque a réplica por parte do Partido Popular neste caso é unha réplica convencional, que ademais é moi frecuente en todos os Plenos por distintas forzas políticas, pero creo que é unha reflexión a que nos temos que chamar todos.

E tamén aumenta o gasto corrente a incorporar as axudas en concorrencia competitiva que solicitaban os concellos, once liñas concretamente, á parte de gasto corrente, incorpórase no Plan de obras e servizos da Deputación. Polo tanto, é unha fotografía inicial como ben di, insisto, o portavoz de Compostela Aberta, fotografía inicial que se irá completando con negociación e con expedientes modificativos de crédito ao longo do ano, cunha cifra totalmente prudente de 175 millóns de euros que, como ben dicía Antonio superará os 200 seguro ao longo de 2017, superará os 200 e poderemos valorar nos informes finais de liquidación do ano 2017, superará os 200 millóns de euros e, polo tanto, hai marxe para incorporar algunhas cuestións formuladas polos Grupos, por todos os Grupos, o cal significa que pidamos con total convicción e con total garantía o voto para estas contas de 2017.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra do PP, acorda:

“Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2017, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procede:

**1º.-** Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2017 por importe de 176.515.000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

#### **CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

##### **A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

###### **1. OPERACIÓN CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Impostos directos	16.554.058,91
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	14.253.764,85
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	9.216.441,87
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	135.782.239,50
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	375.244,87

**TOTAL OPERACIÓN CORRENTES 176.181.750,00**

<b>2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:</b>		
CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	134.400,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>134.400,00</b>
<b>3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:</b>		
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	198.850,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>198.850,00</b>

**TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 176.515.000,00**

**B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

<b>1. OPERACIÓNS CORRENTES:</b>		
CAPÍTULO I	Gastos de persoal	39.318.562,60
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	25.096.416,08
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	20.000,00
